

## Circes e Penélopes dánse cita ao pé do Rosalía para render tributo a Begoña Caamaño

Unha lectura pública homenaxeou á autora á que se lle adica neste ano 2026 o Día das Letras Galegas

[Óscar Ulla](#)

10/05/2026 16:04

<https://www.elidealgallego.com/a-coruna/2026-05-10/circes-e-penelopes-danse-cita-ao-pe-do-rosalia-para-render-tributo-a-begona-caamano-854664.html>

“Estamos aquí, Circes e Penélopes, diante do teatro da túa prezada Rosalía”, verbalizaba este domingo a mestra e escritora **Beatriz Maceda** en alusión a **Begoña Caamaño**, homenaxeada este ano polo **Día das Letras Galegas** e cuxa obra protagonizou onte unha lectura pública organizada pola agrupación cultural **Alexandre Bóveda e pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)** nas portas do teatro Rosalía de Castro.

A pesares da choiva, varias ducias de personas se deron cita nesta xa cita tradicional unha semana antes do Día das Letras galegas. Unha proposta que comezou cunha **mestura de música e poesía**, da man do dúo **Acordeireta**, que interpretou poemas de **Luz Fandiño** ou aquel que **Manuel María** lle adicou a **Alexandre Bóveda**: “Que ganas tiñamos de botar esta peza coa asociación”, bromeaban tras interpretala.

Entre a música e a lectura da obra de Caamaño, Maceda deu en ler unha carta dirixida á homenaxeada no día das Letras, pero antes, **agradeceu aos presentes acudir á cita “malia a choiva”**, porque, ao final, “somos galegos”, aseguraba cun sorriso.

“**Volvemos aos teus libros**”, verbalizaba Maceda na misiva dirixida á escritora e xornalista viguesa, falecida “prematuramente” no 2014, unha marcha que “deixou un baleiro na cultura galega, pero tamén un legado”, subliñaba Maceda, que destacaba que a súa obra segue a “influcidar” ás escritoras e escritores da actualidade. O Día das Letras porá no seu lugar a figura e a obra de Caamaño, “recollendo o teu legado, para **que os rapaces saiban que podemos mudar a historia do país**”, para facer del un “lugar máis xusto”, entonaba a mestra antes de ceder o micrófono ás personas que decidiron ler pequenos fragmentos da escritora viguesa unha semana antes das Letras.